

ORDENANZA Nº 37 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SISTEMA MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS.

Artigo 1. IMPOSICIÓN DO PREZO PÚBLICO

O concello de Narón, ao amparo do disposto nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, establece o prezo público pola utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas, o cal se esixirá conforme ao establecido na presente ordenanza.

Artigo 2. OBXECTO DO PREZO PÚBLICO

Constitúe o obxecto do prezo público a prestación do servizo de utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas, de solicitude e recepción voluntaria e prestado en réxime de libre competencia coa iniciativa privada.

Artigo 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGO

Están obrigadas ao pago do prezo público regulado na presente ordenanza as persoas beneficiarias da utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas. En caso de menores, serán os pais, nais ou titores/as as que teñen a dita obriga.

Artigo 4. CONTÍA

A contía correspondente a cada persoa que estea obrigada ao pago en concepto de prezo público por utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas aplicarase de acordo ás seguintes tarifas:

- Alta no servizo: 3 € (inclúe a entrega da tarxeta de usuario)
 - Cota por día: 1€
 - Cota por semana: 3 €
 - Cota por mes: 5 €
 - Cota por ano (adultos): 15 €
 - Cota por ano (menores de idade): 10 €
 - Perda da tarxeta, roubo ou deterioro: 4 €
- IVE incluído

Artigo 5. XESTIÓN

Para obter a condición de usuarias e usuarios no servizo municipal de préstamo de bicicletas os cidadáns ou as cidadás deberán realizar a alta a través da web do servizo ou, no seu caso, nas oficinas de atención e información existente, mediante a prestación de formularios oportunos e documentación que se requira.

Artigo 6. NORMAS DE XESTIÓN

O prezo público retribuirase coa alta como usuario/a no servizo municipal de préstamo de bicicletas, momento no que nace a obriga de aboar a cantidade estipulada, segundo sexa:

a) Alta:

Cando o suxeito pasivo se dea de alta no servizo municipal de préstamo de bicicletas procederá, xunto coa entrega da solicitude e demais documentación esixida segundo o regulamento do servizo, ao aboamento do importe do prezo público correspondente á alta do servizo e á cota polo período correspondente.

b) Renovación:

Só se manterá o dereito á utilización do servizo se antes do remate do prazo contratado o interesado manifesta a súa vontade de continuar o uso do servizo, aboando a cota que corresponda ao novo período solicitado, e sempre e cando estea en posesión dunha tarxeta

válida na que figure como titular. Se transcorrido ese prazo, non se realizase ningún ingreso, procederase á baixa como usuario do servizo e á inutilización da súa tarxeta.

Unha vez finalizado o período contratado, o usuario poderá solicitar a renovación aboando soamente a cota correspondente ao período solicitado, sempre e cando estea en posesión dunha tarxeta válida na que figure como titular.

Nos restantes casos, deberá solicitar unha nova alta no servizo municipal de préstamo de bicicletas de acordo co establecido no apartado anterior.

Artigo 7. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

En todo o relativo ás infraccións nas súas distintas cualificacións, así como no que respecta ás sancións que lles correspondan, rexeranse polo disposto na Lei 7/1985 de bases de réxime local e regulamento de potestade sancionadora, así como na Ordenanza municipal correspondente, en canto ao mal uso que realice o usuario de préstamo de bicicleta, sen prexuízo de cantas outras responsabilidades civís e penais poidan corresponderlle ás persoas infractoras.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA:

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:

A entrada en vigor -nos termos antes referidos- da presente ordenanza, determinará a derogación da vixente ordenanza reguladora do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Narón.